

Modificacións da P. D. da materia de TUBA

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de TUBA para o curso 2019-20:

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente co alumnado (correo electrónico, CentrosNet, videochamada e/ou aula virtual).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións planificadas para o terceiro trimestre debido á cancelación das mesmas.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na programación didáctica realizarase preferentemente por videochamada. Na convocatoria de dita proba indicárase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba.